

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
3721/2020	A Xunta de Goberno Local

MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 2 de novembro de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 3721/2020. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DO "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA"

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 28/10/2020, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o expediente de contratación 3721/2020 "Suministro e instalación de aseo autolimpiable para La Alameda" e, concretamente, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 13 de outubro de 2020, polo que, en relación ao citado expediente, se acorda, entre outros, iniciar o procedemento de contratación e incorporar o prego de cláusulas administrativas particulares e os informes xurídico e de fiscalización de Intervención

Visto que foi incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Prego de cláusulas administrativas particulares de data 27/10/2020.
- Informe de Secretaría de data 27/10/2020.
- Informe de intervención de data 28/10/2020

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 2019-0674, de 18 de xuño.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato do "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA" por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria así como o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello da Estrada en base á natureza e extensión de ditas necesidades, e a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados na memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación asinada en data 7/10/2020.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación do "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA" mediante procedemento aberto

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





simplificado e tramitación ordinaria.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 27 de outubro de 2020.

Cuarto.- Aprobar o gasto polo importe de 77.986,99 € (IVE incluído), con cargo ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento en vigor, e polos importes que se indican a continuación:

- 2020/0/150/62300/01, por importe de 15.352,80 euros.
- 2020/0/150/61002/01, por importe de 47.036,80 euros.
- 2020/0/150/6371700/01, por importe de 15.597,39 euros.

Quinto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes durante o prazo de 15 días naturais desde a citada publicación.

Sexto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación, así como publicar a dita composición cunha antelación mínima de sete días respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da LCSP:

Presidente:

- D. José C. López Campos, alcalde ou concelleiro que o substitúa.

Vogais:

- Dña. María Jesusa Fernández Bascuas, secretaria xeral do Concello.
- Dña. Carmen Gómez Otero, interventora do Concello.
- D. Daniel Órrea Corral, arquitecto técnico municipal
- Dña. María del Mar Blanco Casais, concelleira do Grupo Municipal MÓVETE.

Secretaria:

- Dña. Vanessa Rodríguez Varela, que actuará como secretaria da Mesa.

Suplentes:

Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as substitúan, o arquitecto técnico municipal polo/a arquitecto/a municipal e a concelleira do grupo MOVETE por outro concelleiro do mesmo grupo. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

Sétimo.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante (Plataforma de contratos do sector público) de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP, así como o resto de documentación que dita plataforma esixe.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ASZMTQGYNF-S95D7ZED6DPZALY | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2